



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo*

*15.704 Santiago de Compostela*

*Tfno e fax: 981-570099*

*Correo-e: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)*

## **RECURSO DE ALZADA**

### **AO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo en representación de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), e con enderezo a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704, Santiago de Compostela, comparece e por medio deste escrito interpón **RECURSO DE ALZADA** contra a resolución de data 14 de Maio de 2014 dictada pola Directora Xeral de Conservación da Natureza pola que se denega a “solicitud de inclusión dunha formación de ameneiros no núcleo urbano de Sarria (Lugo) no Catálogo galego de árbores senlleiras (expediente AS/2014/04)”, formulando a tal efecto as seguintes,

### **ALEGACIONES**

**PRIMEIRA. Nulidade ou anulabilidade do procedemento.** O presente procedemento está incurso en causa de nulidade –en todo caso de anulabilidade– por razón das graves infraccións legais cometidas na súa tramitación. Son as seguintes:

**A) Por infracción dos arts. 24.1, 28 e 29 da Lei 30/1992 en relación co art. 7.2 do Decreto 67/2007.** Coa notificación da proposta de resolución ADEGA enterouse de que o seu representante foi apartado da preceptiva actuación do Comité das Árbores Senlleiras, pese a ser membro de pleno dereito de tal Comité. Tal inaudito proceder constitúe unha frontal infracción do art. 24.1 incluído no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, ao cal se remite expresamente o art. 7.2 do Decreto 67/2007 para regular o funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras; dito art. 24.1 establece os dereitos dos membros do Comité, entre eles os de recibir a convocatoria, participar nas sesións e exercer o seu dereito ao voto, sen excepcións de clase algunha. Neste procedemento o representante de ADEGA foi apartado do Comité do que forma parte como membro de pleno dereito, privándoo da convocatoria, de participar nas sesións e de exercer o seu dereito ao voto, e todo sen respaldo legal algún, e infrinxindo os preceptos invocados e tamén o art. 4 do “Régimen de funcionamento” do propio Comité.

A resolución recorrida pretende xustificar semellante arbitrariedade aducindo que ADEGA estaría incurso en causa de abstención ou recusación, invocando expresamente o art. 28 da Lei 30/1992. Pero olvida a resolución recorrida que a abstención é unha decisión voluntaria do propio interesado, e dende logo ADEGA nunca formulou a súa abstención no presente expediente. E en canto á recusación, no presente expediente non existiu trámite algún de

recusación, sendo de recordar que a recusación ten un procedemento legalmente establecido no art. 29 da Lei 30/1992 –que inclúe a audiencia do recusado e a resolución sobor da recusación- e tal procedemento de recusación non se levou a cabo neste expediente. Polo tanto hai que concluir que a resolución recorrida invéntase unha especie de abstención imposta ou recusación sen trámite algún e sen audiencia ao suposto “recusado”, unha caste de recusación pola vía de feito, o cal constitúe unha inxustificable arbitrariedade.

E se a pretendida “recusación” é inadmisíbel no aspecto procedimental, tamén o é no aspecto substantivo, porque resulta inaudita e inadmisíbel a explicación de que se apartou do Comité ao representante de ADEGA por ser esta asociación a propoñente da inclusión do ameneiral de Sarria no Catálogo de Árbores Senlleiras. A resolución recorrida pretende que ADEGA estaría incurso na causa de abstención e recusación sinalada coa letra c) do art. 28 da Lei 30/1992, a saber, “Ter interese persoal no asunto de que se trate”; fronte a semellante pretensión, é suficiente con lembrar que ADEGA, sendo unha asociación e non unha persoa física, mal pode ter “interese persoal”; pero en calquera caso debemos deixar ben claro que ADEGA ten tanto interese na catalogación do bosque que nos ocupa como teñen –ou deberían ter- os restantes membros do Comité, porque o seu interese é puramente ecolóxico, é dicir, o interese público que calquera pode e debe ter pola conservación dunha formación arbórea senlleira, pero é evidente que ADEGA non ten ningún interese persoal, particular ou privado polo obxecto deste expediente; ADEGA ten o mesmo interese por este ameneiral de Sarria como o que ten polas fragas do Eume ou polo teixedal de Casaio. O feito de que fora ADEGA a propoñente da catalogación deste ameneiral non a priva da súa condición de membro do Comité, porque propoñer a catalogación non é máis que o exercicio da súa lexitimación activa segundo o art. 4.3 do Decreto 67/2007, pero non entraña interese persoal, privado ou particular algún. Ademais, a resolución recorrida deixa sen resposta a pregunta que facíamos nas nosas anteriores alegacións á proposta de resolución: Acaso a Presidenta ou os restantes cargos da Consellería no Comité abstéñense de participar nel ou son recusados cando o procedemento de catalogación iníciase de oficio, é dicir, a instancias da propia Consellería? Evidentemente non, e por iso apartar a outro membro do Comité –neste caso ADEGA- é unha arbitrariedade inadmisíbel e abertamente ilegal. Pero en todo caso, o relevante é que non houbo neste expediente procedemento nin resolución algunha de recusación, e polo tanto é ilegal ter a ADEGA por recusada.

**B) Por infracción dos arts. 26 e 27 da Lei 30/1992 en relación co art. 7.2 do Decreto 67/2007, e dos arts. 6.c) e 7.1 do mesmo Decreto 67/2007.** Non houbo no presente caso o preceptivo informe do Comité das Árbores Senlleiras porque nin sequera houbo reunión do Comité; no canto de reunir o Comité, como era obrigatorio por imperativo do art. 7.1 do Decreto 67/2007, a Presidenta preferiu ignorar a regulación legal sobre a formación da vontade de dito órgano consultivo, e substituíu a reunión, a acta da mesma e o propio informe por un intercambio de correos electrónicos entre algúns –non todos- membros do Comité. Tal feito constitúe a denunciada infracción dos arts. 26 e 27 da Lei 30/1992, aos que se remite o art. 7.2 do Decreto 67/2007, e determina que neste expediente non existe o preceptivo informe do Comité das Árbores Senlleiras, o cal supón infracción do art. 6.c) do Decreto 67/2007.

A resolución pretende excusarse do seu incumprimento legal invocando un “Réxime de funcionamento do Comité” e afirmando que, conforme ao art. 22.2 da Lei 30/1992, o Comité pode establecer as súa propias normas de funcionamento. Ninguén discute que o Comité poida regular o seu propio funcionamento interno, pero o que non pode é substituír un informe preceptivo que a lei esixe por un intercambio de correos electrónicos, porque unha cousa é o parecer individual de cada membro do Comité expresado en cada correo electrónico, e outra cousa distinta é a vontade colectiva do órgano colexiado expresada e plasmada nun único informe. Facer desaparecer ese informe colectivo e substituílo por unha serie de correos electrónicos é contrario aos arts. 26 e 27 da Lei 30/1992, aos que se remite o art. 7.2 do Decreto 67/2007, que require un informe unitario plasmado nun documento que reflexe o

dictame colectivo do Comité, e non unha serie de correos electrónicos de algúns membros individuais do Comité.

O certo é que, polo que puidemos coñecer, a suposta “reunión” do Comité mediante correo electrónico foi unha verdadeira pantomima, unha chapuza administrativa absolutamente inadmisíbel e notoriamente ilegal: dos once membros do Comité, ADEGA foi apartada ilegalmente como xa comprobamos, outros cinco membros non participaron na “reunión” porque supostamente non respostaron ao correo electrónico, e outro membro máis –D. Jesús Izco- sí respostou pero non se sabe o que manifestou, porque non consta que apoiara nin a catalogación nin a denegación da mesma. Pero non é de estranar a nula participación, porque parece ser que a consulta vía correo electrónico tivo lugar “entre as 15:47 e as 16:38 horas”, é dicir, durante apenas 50 minutos á hora de comer; neses 50 minutos os membros do Comité tiñan que deixar o que estiveran facendo e examinar toda a documentación dispoñíbel e reflexionar sobre o asunto, e dar unha resposta fundada á consulta, todo en 50 minutos. Nin que dicir ten que semellante procedemento é ilegal, pois o art. 24.1 da Lei 30/1992 esixe que os membros dos órganos colexiados reciban a convocatoria e a información sobre as cuestións da orde do día cunha antelación mínima de 48 horas. Curiosamente, os únicos que apoian a denegación son os membros “políticos” do Comité (os representantes da propia DXCN), que parece que eles mesmos o guisan e o comen. Certamente, pretender que esta pantomima constitúe unha tramitación administrativa e unha reunión dun órgano colexiado en legal forma, e que o seu resultado constitúe o informe preceptivo do Comité esixido polo Decreto 67/2007, parece unha verdadeira tomadura de pelo e un insulto á intelixencia.

Pero o máis sorprendente da resolución recorrida é a peregrina xustificación para acudir a ese procedemento de urxencia, que se pretende acoller ao art. 8.1.c) do aludido “Régime de funcionamento do Comité”, segundo o cal, só “excepcionalmente” e “Por razóns imperativas de interese público de primeira orde” poderase acudir ao procedemento do art. 8, redacción legal que emprega uns termos notoriamente restrictivos. Ata o dagora as pretendidas razóns de urxencia eran por completo descoñecidas, porque a proposta de resolución nin sequera era capaz de indicar en qué poderían consistir esas supostas razóns de urxencia; agora, a resolución recorrida, sen asomo de rubor nin disimulo, pretende que a urxencia viría neste caso derivada de que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil está a realizar un “proxecto de encauzamento” no río Sarria, e que tal proxecto resulta urxente porque –segundo a resolución recorrida- están en risco “os bens e a seguridade das persoas”, afirmación tan falsamente alarmista coma ridícula, sobre todo cando se fai unha vez pasado o inverno e con toda a época de estiaxe por diante, sendo polo tanto o pretendido risco de enchentes absolutamente nulo. Pero a cuestión é que o tal proxecto require destrozarse por completo o bosque de ribeira no tramo afectado (preto de 200 ameneiros), destrozo para o que a protección cautelar derivada deste expediente constitúe un estorbo; e claro, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza considera urxente deixar vía libre ao destrozo no canto de protexer a formación arbórea; non hai dúbida de que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza non está a defender a conservación da natureza, se non os intereses da Confederación Hidrográfica. Pero o certo é que resulta inadmisíbel considerar que esas conveniencias da Confederación Hidrográfica constitúan as excepcionais “razóns imperativas de interese público de primeira orde” que require o aludido art. 8 cunha redacción notoriamente restrictiva.

En calquera caso, segundo o propio art. 8.1 non é suficiente con que concurran as razóns de urxencia reseñadas en termos claramente restrictivos no propio precepto; o art. 8.1 require ademais que tales excepcionais razóns de urxencia “fagan inviable o seu acordo a través dunha convocatoria extraordinaria do mesmo”. Porén, na resolución non se indica en modo algún porqué ou de qué xeito sería inviable a convocatoria formal e legal do Comité; Acaso a Dirección Xeral temía unha inundación catastrófica na primaveira ou no verán, antes de poder convocar o Comité?

O certo é que as razóns de urxencia só poderían xustificar a celeridade do procedemento coa finalidade de salvar unha formación senlleira en perigo mediante a súa catalogación; pero cando o que se pretende é non catalogar a formación arbórea proposta resulta incompreensible que se aleguen razóns de urxencia; Acaso pode haber presa por non catalogar unha formación arbórea?; Que interese lexítimo pode existir para considerar urxente a desprotección dunha formación arbórea, sexa ou non senlleira?; Acaso resulta desexable e urxente para esa Dirección Xeral permitir a tala do ameneiral de Sarria? A resolución recorrida ven a confirmar plenamente o que xa intuíamos nas nosas anteriores alegacións á proposta de resolución: que as “razóns de urxencia” que presionan á Dirección Xeral non son outras que o desexo de contentar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e colaborar con ela na destrución do ameneiral de Sarria; pero o que resulta inadmisibile é que se pretenda utilizar eses fins espúreos como razóns de urxencia para evitar a legal e preceptiva convocatoria do Comité das Árbores Senlleiras.

**C) Por infracción do art. 26.1 da Lei 30/1992 en relación co art. 7.2 do Decreto 67/2007: inexistencia de quorum.** O art. 26.1 da Lei 30/1992 require que, para a válida constitución dun órgano colexiado coma o Comité de Árbores Senlleiras, é necesario que concurran cando menos a metade dos seus membros. Pois ben, neste expediente, á suposta reunión mediante correo electrónico unicamente concurriron e contestaron 5 membros dos 11 que compoñen o Comité, polo cal é chan que non se acadou o *quorum* legalmente requerido e o pretendido acordo do Comité é nulo tamén por este motivo.

Esperemos que non se pretenda ignorar este requisito legal acudindo ao art. 8 do “Régimen de funcionamento”, que exclúe a aplicación dos arts. 6 e 7 do propio “Régimen de funcionamento” nos supostos de excepcional urxencia que dito art. 8 contempla. I é que o “Régimen de funcionamento” poderá excluír a aplicabilidade das súas propias normas, pero o que non pode excluír é a aplicabilidade dunha norma imperativa con rango de lei, como é o invocado art. 26.1 da Lei 30/1992, porque tal cousa suporía unha frontal infracción do principio de xerarquía normativa.

**D) Por infracción do art. 4.5 do Decreto 67/2007.** O artigo 4º.5 do Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras, establece o seguinte: “Previamente á catalogación daráselles audiencia ás persoas propietarias dos exemplares ou os seus representantes”. Porén, non consta en modo algún que a DXCN a esta previsión do artigo 4º.5 do Decreto 67/2007.

**E) Por infracción do art. 4.4 do Decreto 67/2007.** Co escrito de ADEGA do pasado 13 de marzo remitiase unha memoria xustificativa provisional para a inclusión do bosque de ribeira do río Sarria no Catálogo de árbores senlleiras e anunciábase que tal documento se completaría cunha memoria exhaustiva na que se desenvolverían polo miúdo os diversos criterios polos que esta formación arbórea debe ser incluída no Catálogo galego de árbores senlleiras. Neste contexto, sorprende que a elaboración da proposta de resolución teña sido concluída sen contar con esa información detallada e sen nin siquiera requirer a ADEGA para a súa remisión no prazo de 10 días, tal e como é legalmente obrigatorio segundo o art. 4.4 do Decreto 67/2007, que resultou deste xeito incumprido. Logo, ao facer as nosas alegacións á proposta de resolución xa aportamos documentación máis detallada, incluíndo un informe dos profesores D. Antonio Rigueiro Rodríguez, D. Santiago Lamosa Quinteiro, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Iglesias Díaz e D. Guillermo Riesco Muñoz, membros do Departamento de Producción Vexetal, das subáreas de Botánica Forestal e Xardinería e Paisaxismo, así como do Departamento de Enxeñería Agroforestal, da subárea de Dasometría, na Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela), e outro informe da propia Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 25 de xuño de 2009 no que se afirma con respecto ao Sarria e ao Celeiro: “*Ambos cauces presentan un bosque de ribeira en muy buen estado de conservación, especialmente el río Sarria que, incluso en el tramo urbano, conserva una vegetación arbórea autóctona considerable. Esta vegetación de ribeira se encuadra en el hábitat prioritario 91E0 (Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus*

*excelsior*)”. Pero esta documentación foi sustraída ao Comité, que non poido tela en conta porque as urxencias da DXCN levárona a recabar o informe do Comité sen requirir a documentación completa, incumprindo así o art. 4.4 do Decreto 67/2007

**F) Indefensión por ocultación da documentación do expediente.** ADEGA non só foi apartada ilegalmente do Comité do que forma parte, senón que tamén se foi ocultada a tramitación e a documentación do expediente; nótese que ADEGA non se decata de que foi apartada do Comité ata que a intervención do Comité xa rematou e se notificou a proposta de resolución, polo que toda a tramitación se fai ás súas costas. Pero a arbitrariedade da DXCN continúa coa propia resolución recorrida, na que unha e outra vez se denega a información do expediente:

-Ao final do epígrafe V-1º da resolución (páx. 6) consígnase que “Non obstante o anterior, non existe ningún inconveniente en trasladarlle con este escrito unha copia do dito Regulamento de funcionamento.”; porén, a afirmación é falsa, porque coa notificación da resolución recorrida non se acompañou a anunciada copia do “regulamento de funcionamento”.

-Ao final do epígrafe V-2º da resolución (páx. 6) consígnase que “Non obstante o anterior, non existe ningún inconveniente en trasladarlle con este escrito unha copia dos informes do Servizo de conservación da Natureza de Lugo do 2 de abril de 2014 e do Servizo de conservación da Biodiversidade do 14 de abril de 2014. No relativo aos correos electrónicos, non procede remitir copia dos mesmos dada a existencia de datos de carácter persoal, polo que a súa remisión podería inculcar (*sic*) a normativa en materia de protección de datos (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).” Porén, a afirmación é falsa, porque coa notificación da resolución recorrida non se acompañou a anunciada copia dos informes de 2 e 14 de Abril de 2014. E en canto aos correos electrónicos, o que ADEGA solicitara era o contido sustantivo de tales correos, é dicir, a opinión dos membros do Comité sobre a cuestión e a motivación do seu suposto voto, que non dato persoal ningún; pero tampouco a eso accede a DXCN, que se permite ocultar a ADEGA a opinión dos seus compañeiros membros do Comité, pese a que ADEGA é membro do propio Comité e polo tanto ten pleno dereito a coñecer as deliberacións que supostamente tiveron lugar.

A DXCN non remitiu toda esa documentación a ADEGA, pese a que foi expresamente solicitada nas nosas alegacións á proposta de resolución, solicitando que lle fora facilitada coa posibilidade de facer alegacións á vista da documentación solicitada. Pero nada diso se fixo, porque seguidamente xa se dictou a resolución recorrida, e nela se anunciaba que se acompañaba unha parte da documentación solicitada, aínda que o certo é que coa notificación da resolución non se adxuntou documentación ningunha, polo que o anuncio resultou falso. Con todo o relatado, a DXCN non se contentou con apartar ilegalmente a ADEGA do Comité, senón que chegou ao extremo de ocultarlle toda a información relativa ao expediente, causándolle unha notoria indefensión que provoca a nulidade do expediente.

**SEGUNDA.** Coas nosas alegacións á proposta de resolución aportamos ao expediente a seguinte documentación relativa ao bosque de ribeira do río Sarria no seu tramo urbano que resulta plenamente relevante aos efectos deste expediente:

- Escrito dos profesores D. Antonio Rigueiro Rodríguez, D. Santiago Lamosa Quinteiro, Dª Mª Isabel Iglesias Díaz e D. Guillermo Riesco Muñoz, membros do Departamento de Producción Vexetal, das subáreas de Botánica Forestal e Xardinería e Paisaxismo, así como do Departamento de Enxeñería Agroforestal, da subárea de Dasometría, na Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela).
- Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 25 de xuño de 2009 no que se afirma con respecto ao Sarria e ao Celeiro: “Ambos cauces presentan un bosque de ribeira en muy buen estado de conservación, especialmente el río Sarria que, incluso en el tramo urbano, conserva una vegetación arbórea autóctona considerable. Esta vegetación

de ribeira se encuadra en el hábitat prioritario 91E0 (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*)”.

Trátase de dous informes técnicos da maior relevancia, un por proceder da comunidade científica universitaria, e o outro por emanar da propia DXCN; a pesares diso, a resolución recorrida non fai nin a máis mínima alusión a eles, nin para aceptalos nin para rebatilos, pois simplemente os ignora de xeito incongruente. Parece ser que o único obxectivo da DXCN redúcese a darlle vía libre a Confederación Hidrográfica para que destruce o bosque de ribeira de Sarria, e todo o demáis está sometido a ese obxectivo espúreo e impropio dunha administración encargada da protección do medio ambiente; de nada serve a opinión académica dos profesores da Universidade de Santiago, e non hai rubor en contradecir un informe da propia DXCN do ano 2009 no que se ensalzaba o valor do bosque de ribeira no tramo urbán do río Sarria; o que no 2009 era valioso para a propia DXCN, agora xa non vale nada nin merece protección.

**TERCEIRA.** Ademais das consideracións recollidas nos documentos mencionados no apartado anterior, nas nosas alegacións á proposta de resolución argumentamos o seguinte con respecto ás excepcionais características que, consonte ao establecido no artigo 2º do Decreto 67/2007, fan que o bosque de ribeira situado no casco urbano de Sarria ao longo do río que deu nome á vila sea merecente de medidas específicas de protección:

- a) **O porte.** O informe do Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas citado na proposta de resolución afirma que na zona se observan **exemplares de ameneiro de gran porte**. En contradición con esta apreciación, que é o resultado dunha visita de campo, o servizo de Conservación da Biodiversidade, baseándose porén no resultado da devandita inspección, conclúe que a formación obxecto da solicitude non posúe características excepcionais no porte. Consideramos, por tanto, que esta flagrante contradición non pode ser senón o resultado dun erro.
- b) **A idade.** A **considerable idade dos ameneiros** que forman parte do bosque de ribeira obxecto da solicitude é sinalada no escrito dos profesores da Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela) que se adxunta.
- c) **A significación histórica ou cultural.** Trátase dun aspecto que ten sido completamente ignorado na proposta de resolución. Porén, o bosque de ribeira obxecto da solicitude de inclusión no Catálogo galego de árbores senlleiras localízase nun **espazo de grande significación histórica e cultural marcado pola impronta do Camiño Francés a Santiago**. O bosque de ribeira atópase na zona na que o Camiño Francés a Santiago, Ben de Interese Cultural (BIC) e Patrimonio da Humanidade, cruza o río Sarria ao seu paso pola vila. O bosque exténdese polo espazo de ribeira inmediato á Ponte Ribeira, de orixe medieval, pola que o Camiño de Santiago salva o río Sarria. En concreto, este bosque de ribeira situase íntegramente dentro do ámbito do territorio histórico integrante do BIC, delimitado polo Decreto nº 227/2011, de 2 de decembro, da Xunta de Galicia. Nese mesmo espazo atópase o conxunto etnográfico catalogado do Muíño do Toleiro, coa súa antiquísima presa, documentada dende o ano 1500, e o seu rairo. Os ameneiros teñen sido de sempre elemento caracterizador desta paisaxe de enorme significación histórica e cultural. Os “amenales” do río Sarria aparecen así mencionados nunha escritura de 1627 que pon fin a un pleito por unha corta na “rivera da prensa vella” para reparo da presa dos muiños (Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Protocolos notaríaís, 5049-02, fo. 87).
- d) **O interese científico.** Deriva, en primeiro lugar, da boa condición sanitaria da formación de ameneiros en cuestión que reflexa a súa **resistencia á doenza producida polo hongo *Phytophthora alni***, o que constitúe en si mesmo unha característica excepcional. Dado que o ameneiro é unha especie autóctona que está a desaparecer en grandes cantidades das ribeiras dos nosos ríos como consecuencia da

grave doenza producida polo hongo *Phytophthora alni*, aqueles enclaves onde a especie non está afectada, como é o caso da ribeira do río Sarria, deberían ser especialmente protexidos. A boa condición sanitaria dos ameneiros do núcleo urbano de Sarria aparece recoñecida no informe do Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas citado na proposta de resolución e tamén no escrito dos profesores da Escola Politécnica Superior de Lugo (Universidade de Santiago de Compostela) que se adxunta.

En segundo lugar, o interese científico deste bosque de ribeira tamén deriva da súa **contribución á conservación da diversidade biolóxica animal**. Asociada a este hábitat de bosque de ribeira está presente unha singular comunidade faunística de augas limpas, difícil de ver nun entorno urbano. Ademais, varias das especies presentes teñen distintas categorías de protección. Cabe destacar as seguintes:

- Mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*), catalogado “en perigo de extinción” polo *Catálogo Galego de Especies Amenazadas* (Decreto 88/2007).
- Troita común (*Salmo trutta*), catalogada como especie vulnerable (UICN 2002).
- Ra patilarga (*Rana iberica*), catalogada como vulnerable no *Catálogo Galego de Especies Amenazadas* (Decreto 88/2007).
- Merlo rieiro (*Cinclus cinclus*), catalogado como especie de interese especial (SEO) según o Catálogo Nacional de Especies Amenazadas (BOE 23 de febreiro 2011, nº 46, pax.20912).
- Martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), incluído no Anexo I da Directiva Aves 79/409/CEE.
- Auganeira (*Galemys pyrenaicus*), catalogado como Vulnerable no *Cnoatálogo Galego de Especies Amenazadas* (Decreto 88/2007) e *Catálogo Español de Especies Amenazadas* (Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro).

e) **O interese paisaxístico**. Deriva do carácter do bosque urbano como espacia que permanece na cidade como **reflexo da natureza presente na zona antes da expansión do espacia urbano**. O bosque de ribeira penetra na vila dende a paisaxe e a integra nela. Ademais, este bosque de ribeira ofrece un excepcional interese paisaxístico debido á súa estreita imbricación co Malecón, o paseo urbán máis impotante da vila, o que lle confire un **carácter excepcional por contribuir de maneira notable ao acercamento da natureza ao centro da vila**.

f) **Calquera outra circunstancia merecente duna especial protección**.

- o Este bosque de ribeira correspondese co **hábitat cód. Nat. 2000 \*91E0, Bosques aluviales de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)**, considerado de protección prioritaria pola Directiva 92/43/CE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre.
- o O bosque de ribeira que acompaña ao río Sarria ao longo do seu percorrido constitúe un **corredor ecolóxico** no sentido do artigo 10 da Directiva 92/43/CEE, que anima aos Estados membros a favorecer a boa xestión daqueles elementos da paisaxe, como os ríos coas súas ribeiras, que, pola súa estrutura lineal e continua, resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres. No mesmo senso, o artigo 20 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que se refire o establecemento ou restablecemento de corredores, en particular entre os espacia protexidos Red Natura 2000 e entre aqueles espacia naturais de singular relevancia para a biodiversidade, mencionando expresamente o papel prioritario neste respecto dos cursos fluviais. Neste contexto cabe destacar o papel do río Sarria como corredor que

conecta espacios naturais de singular relevancia para a biodiversidade como son o LIC Ancares-Courel e a Reserva da Biosfera Terras do Miño. A excepcionalidade do bosque de ribeira obxecto da solicitude de inclusión no Catálogo galego de árbores senlleiras deriva de que garante mesmo en zona urbano a presenza ininterrumpida dese corredor ecolóxico.

Apesar de toda esta argumentación, a resolución recorrida non fai sequera mención a todas estas cuestión plantexadas, límitase a silencialas e ignoralas, mostrando un criterio arbitrario e ilegal por incumprir o deber de motivación das resolucións administrativas.

**CUARTA.-** No seu escrito de 13 de marzo, ADEGA solicitou a aplicación inmediata das medidas cautelares de protección para a formación para a que se propuxo a catalogación, consonte ao disposto nos artigos 4.8 e 9.2 do Decreto 67/2007. O artigo 4.8 do Decreto 67/2007 especifica que a iniciación do procedemento de catalogación dun exemplar ou formación implica que lle serán de aplicación, inmediata e provisionalmente, as medidas de protección establecidas neste decreto. Isto implica, de acordo co artigo 9.2, a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente a súa integridade, a súa saúde e a súa aparencia.

O 25 de marzo pasado, ADEGA informou por escrito á Sra. Directora Xeral de Conservación da Natureza de que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil estaba a talar árbores de ribeira na zona á que se refire a presente solicitude e pediu a aplicación das medidas cautelares previstas no artigo 4.8 e 9.2 do Decreto 67/2007 para salvagardar esta formación namentras non concluía o procedemento de catalogación e se pronunciaba o Comité galego das Árbores Senlleiras.

Porén, a Directora Xeral de Conservación da Natureza non adoptou ningunha medida e no 25 de marzo foron talados tres ameneiros e un chopo de gran porte, ademais doutros ameneiros de menor porte e un pequeno bosque de loureiros, o que, evidentemente afectou a integridade, saúde e aparencia da formación obxecto da solicitude de catalogación. Coas nosas alegacións á proposta de resolución adxuntáronse fotografías que documentan a tala do 25 de marzo e os efectos da mesma (anexo I). A tala non seguiu adiante debido á súa paralización cautelar polo Xulgado de Instrucción de Sarria, ante o que se invocou, entre outros motivos, que tiña sido iniciado o procedemento de catalogación da formación consonte o Decreto 67/2007, séndolle de aplicación, inmediata e provisionalmente, as medidas de protección establecidas no mesmo, incluída a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente á súa integridade, á súa saúde e á súa aparencia. No día 11 de abril o Xulgado de Sarria confirmou a paralización da tala do bosque de ribeira na zona urbana do río Sarria.

A integridade, saúde e aparencia da formación foi mais unha vez danada o pasado 7 de abril cando, con quebrantamento da medida cautelar do Xulgado de paralización da tala, foi derrubada outra árbore cuxa especie non se coñece con certeza por ter sido retirada do lugar e escondida con gran rapidez. Coas nosas alegacións á proposta de resolución adxuntáronse fotografías do lugar antes e despois da eliminación da árbore (anexo II).

Polo tanto, o derradeiro párrafo da proposta de resolución onde se afirmaba que as actuacións desenvolvidas “en ningún caso afectaron negativamente á integridade, á saúde e á aparencia da mesma” é sinxelamente unha falsedade, como xa alegamos nas nosas alegacións á proposta de resolución. Ante semellante evidencia, a resolución recorrida (epígrafe V-5º, páx. 8) límitase a insistir en que se comunicou á Confederación Hidrográfica a necesidade de paralizar as obras que afecten á formación arbórea; pero o certo é que a Confederación Hidrográfica fixo caso omiso e talou árbores na zona, incumprindo a protección cautelar derivada deste expediente, tal e como consta polas fotografías obrantes no expediente, e todo elo sen que a DXCN fixera nin faga cousa algunha, nunha nova e inadmisíbel mostra de connivencia co infractor. O certo é que os feitos descritos e acreditados requiren o inicio do procedemento sancionador previsto no Capítulo V do Decreto 67/2007 para o caso de infraccións cometidas contra o disposto en tal Decreto, e advertimos por derradeira vez a esa



administración da necesidade de iniciar tal expediente sancionador, porque este seguir a mirar para outro lado ante as nosas reiteradas denuncias pode ser considerado un delito de prevaricación na súa modalidade de comisión por omisión.

Por todo o anteriormente exposto,

**SOLICITA** que, tendo por presentado este escrito, sírvase dictar resolución estimando o recurso de alzada interposto, deixando sen efecto a resolución recorrida e acordando:

1. A nulidade ou anulabilidade da resolución recorrida e do procedemento tramitado, para que se proceda a convocatoria en legal forma do Comité das Árbores Senlleiras, citando a tódolos seus membros, para que se proceda legalmente a formación da vontade de dito órganos e a emisión do preceptivo informe, e dando trámite ao expediente respectando a normativa aplicable.
2. Iniciar o procedemento sancionador previsto no capítulo V do Decreto 67/2007 contra a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil por ter incumplido a prohibición do seu artigo 9º.2 despois de ter sido iniciado o procedemento de catalogación do bosque de ribeira do río Sarria no seu tramo urbano.

En Compostela, 13 de xuño de 2014.

Asdo.:Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E  
INFRAESTRUTURAS**